www.mgs-galiza.org
máis alá!
FOLLA INFORMATIVA DO MOVEMENTO GALEGO AO SOCIALISMO
nº 15
Día da Patria 2014

Para avanzar, tempo de sementar

Como vén sendo habitual nos últimos anos, o Día da Patria amence rodeado da descomposición do sistema, que se traduce directamente en máis fenda económica, sofremento das clases populares e ruptura social, mais tamén en enriquecemento das oligarquías e en datos macroeconómicos e promesas eleitoralistas que mal tapan xa a miseria que a súa maquinaria nos deixa. Cando redactamos estas liñas veñen de ser anunciadas novas medidas de reforma laboral que nos continuarán empobrecendo e estamos ás portas dunha lei do aborto que deite por terra o conseguido após anos de loita feminista. Por se non fose abondo, neste novo Día da Patria teremos tamén que aturar a presenza no noso país do novo monarca español autoimposto, que representa o pior dun Estado, o español, que nega a autodeterminación dos pobos que aferrolla mentres cumpre relixiosamente coas exixencias do grande capital propio ou alleo. Un pouco mais alá erguémonos cada día cun novo reconto de mortes na Palestina asediada, no Iraque, na Ucraína, ou en calquera lugar onde o capital albisque negocio ou mellor defensa dos seus intereses imperialistas.

En medio a todo iso, e para contrapoñer esta realidade desde Galiza coa ferramenta adecuada que o noso pobo urxentemente precisa, é tamén unha ocasión perfeita para facermos balance e analisarmos os últimos anos na nosa organización, mesmo que sexa brevemente, tendo en conta o ponto de referencia en que se ten convertido xa a asemblea nacional de Amio e as súas consecuencias inmediatamente posteriores, non só para o BNG, como para o conxunto do soberanismo galego.

Xa sabemos que a saída dunha parte da militancia xusto após aquela asemblea foi magnificado e apresentado convenientemente polas grandes empresas da comunicación como grande debilidade, precisamente nun momento en que a podremia do modelo facía e fai máis necesarias do que nunca as forzas alternativas. O obxectivo non era outra cousa que, por unha parte, espallar unha leitura interesada da situación do movemento nacional galego, afastando o debate dos avances atinxidos polo propio BNG naquela asemblea e, por outra banda, potenciar a desconfianza e o rexeitamento á nosa opción política, promocionando as novas opcións surxidas daquela ruptura, no fondo moito mais úteis ao sistema.

É a vontade colectiva da militancia e do corpo social soberanista o que nos está permitindo deixar atrás definitivamente esa espiral destrutiva (alimentada do exterior, mais non só responsabilidade do exterior), e irmos avanzando neses principios históricos que Amio veu recuperar: a loita pola soberanía nacional até as últimas consecuencias, tamén en relación á Unión Europea; e a multiplicación do discurso social, máis apegado aínda aos intereses dos grupos máis desfavorecidos e máis enérxico nas súa denuncia do sistema capitalista e, en particular, da especial maneira de comportarse das oligarquías españolas no noso país. A pesar de algúns pasos dubitativos, verificouse que non se trataba apenas de palabras ocas para a ocasión. O BNG recuperou o centro do seu discurso histórico e aparece novamente como

> "Caermos na urxencia exclusiva dos prazos eleitorais sería impropio dun movemento de liberación nacional sincero e serio máis se se acredita no obxectivo de exercer o poder, e facelo desde o pobo."

>>

>>

unha alternativa real ao sistema. É máis: para moitas persoas, como a mellor alternativa organizada fronte ao sistema e tamén fronte á súa aposta por un cidadanismo vacío.

De forma que o BNG saído de Amio non só confronta coa realidade de opresión e represión instigada por un sistema onde á Galiza se lle reserva apenas o papel de territorio onde vir facer negocios de espoliación de recursos naturais e de enerxía, e onde atopar man de obra barata — moita dela hoxe infelizmente emigrada. Contrasta tamén en certo modo coa etapa precedente, caracterizada por unha moderación acelerada da linguaxe, dos xestos e das accións que nos levou a perder continuadamente non só apoio social, mais tamén, lonxe de gañalo, eleitoral; e consecuentemente forza organizativa e mobilizadora.

O resultado, ben visíbel, é que, tras os danos causados á frente nacionalista e neste contexto de crise e tamén de volatilidade política, agora camiñamos para unha nova situación de afirmación que evidentemente necesitará tempo para callar social e eleitoralmente, mais que suxire xa resultados reais. Porén, o camiño de recuperación, ainda non rematado, e no que temos que investir inxentes esforzos, non estará exento de dúbidas nalgúns sectores. A leitura errada de algún tipo de datos, considerados isoladamente do seu contexto (altamente inestábel), sen tomar en conta a situación existente ou mesmo comparando procesos por definición incomparábeis, podería traer á luz propostas erráticas, alarmadas por un retroceso eleitoral que no fundo entraba xa na análise, que aposten na mesma moderación que o produciu. É, por tanto, fundamental unha aposta decidida e un prazo maior para valorarmos consistentemente as vantaxes, oportunidades e retos desta nova etapa, igual que a verificación de apostas erradas non se produciu nun só dia. Caermos na urxencia exclusiva dos prazos eleitorais sería impropio dun movemento de liberación nacional sincero e serio, máis aínda se realmente se acredita en que o obxectivo do BNG — como forza central do soberanismo — non é ocupar o goberno, senón exercer o poder, e facelo desde o pobo.

Por outra parte, non cabe dúbida de que no BNG actual falta xente hoxe organizada noutros ámbitos, nos movementos sociais mais activos, e mesmo militancia histórica. Tampouco cabe dúbida de que deben facerse todos os esforzos para promover a integración de mais persoas e continxentes militantes — no sentido orixinal de bloque —, mais non pode ser a custa de perder a base da autoorganización, nen a custa de laminar os principios xenuínos do BNG para buscar acomodos estraños e precarios. Para quen partilla no día a día os mesmos frentes de loita pola soberanía e a xustiza social, as portas do BNG deben estar permanentemente abertas.

Os próximos meses serán de novo de debate interno e externo no BNG. E poderán ser non só para debater medidas dun programa eleitoral,

> "Para quen partilla no día a día os mesmos frentes de loita pola soberanía e a xustiza social, as portas do BNG deben estar permanentemente abertas"

senón para discutir as teses de Amio, e mesmo as de Riazor. Non se trata, pois, de fuxir do debate, se realmente formos unha organización asemblear, senón de entender que estamos diante da oportunidade de continuar a actualización hoxe en marcha do BNG como a forza soberanista e de esquerda que nunca deixou de ser, mais que si deixou de parecer, socialmente. E hai que a aproveitar, aumentando aínda máis a nosa presenza nos conflitos diarios das persoas e colectivos esmagados pola situación actual. Non se trata só de estar co pobo (tese moi ligada ao deseño eleitoral e representativo), senón de sermos pobo, do que padece e loita contra o sistema e contra as consecuencias da súa actividade depredadora no noso país. E isto é fundamental. Non é só o que historicamente temos feito, senón o que se nos pide hoxe, cando a oligarquía e o españolismo máis apertan. Estamos no tempo de sementar. E os resultados han vir logo.

Moncho Reboiras

a mellor homenaxe é a vitoria!

Acto do MGS
12 de agosto ás 13h
Cemiterio de Imo - Dodro

Xesús Chaves
Memoria Histórica do 72
Noa Presas
Mesa Nacional de Isca!
Bieito Pérez
Responsábel local do BNG de Dodro
Anxo Noceda
Secretario Comarcal da CIG Compostela

Ao remate, xantar popular
música e roteiro

MOVEMENTO GALEGO AO SOCIALISMO

Avenida de Castelao nº30, baixo 15704 - Compostela
www.mgs-galiza.org · nacional@mgs-galiza.org
facebook.com/mgsgaliza · twitter.com/mgsgaliza